

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E O COLEXIO TERRITORIAL DE SECRETARIOS, INTERVENTORES E TESOUREIROS DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DA CORUÑA

En Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, Beatriz Cuiña Barja, secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, facultada para a sinatura deste convenio por Orde do 5 de agosto de 2019 do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Pola outra parte, José Antonio Rueda de Valenzuela, presidente do Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 23.2.d) dos seus estatutos.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, sen prexuízo das demais competencias que legal e regulamentariamente teña atribuídas e de conformidade co previsto no 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local. Dentro desta materia, ten atribuída a execución das competencias que, con respecto aos funcionarios con habilitación de carácter estatal, lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDO. Que segundo o disposto no Real Decreto 353/2011, do 11 de marzo, polo que se aproban os Estatutos Xerais da Organización Colexial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local, os colexios oficiais que integran a dita organización son corporacións de dereito público, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar plena para o cumprimento dos seus fins e que teñen entre as súas funcións cantas redunden en beneficio dos intereses profesionais dos colexiados.

TERCEIRO. Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Coruña, no ámbito das súas respectivas competencias, consideran oportuno establecer un marco de colaboración que lles permita xuntar esforzos para facilitar a consecución dos seus intereses comúns.

Neste mesmo senso, o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración

con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

CUARTO. Que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública ao estar instrumentándose a concesión de subvencións para gastos de funcionamento a todos os colexios territoriais de Galicia, que son os beneficiarios do gasto orzado na aplicación 05.23.141A.481.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019, destinado á colaboración entre a Xunta de Galicia e os Colexios de Secretarios Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Comunidade Autónoma.

Co fin de distribuír esta cantidade global, solicitóuselles aos presidentes dos catro colexios a presentación dunha proposta de gastos necesarios para o funcionamento da organización, co fin de poder instrumentar a concesión das subvencións mediante a subscrición de convenios individuais entre a Xunta de Galicia e cada un dos catro colexios territoriais de Galicia.

Os colexios da Coruña, Lugo e Ourense responderon á proposta de colaboración da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, instrumentándose mediante os respectivos convenios, mentres que o colexio de Pontevedra declinoua.

A distribución do crédito dispoñible realizouse con base nos respectivos orzamentos de gastos e/ou da cantidade solicitada por cada colexio, consonte o principio de congruencia recollido no artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

QUINTO. Que o Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Coruña acreditou o cumprimento dos requisitos para obter a condición de beneficiario da axuda, conforme co disposto no artigo 10 da Lei 10/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En virtude de todo o exposto ambas as dúas partes, recoñécense capacidade para comprometerse e someterse ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer un marco de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Coruña para consecución dos seus intereses comúns. Neste ámbito, o Colexio desenvolve, de conformidade cos seus Estatutos un conxunto de actividades no ámbito da administración local, que a Vicepresidencia e Consellería considera de interese xa que redunda en beneficio da mellora do funcionamento da Administración local galega.

SEGUNDA. Obrigas do Colexio

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do Colexio:

1. Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.

2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, nos termos establecidos neste convenio.
3. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houberse, xunto cos xuros de demora devindicados desde o momento do pagamento até a data na que se acorde a procedencia do reintegro, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
 - a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.
 - b. No suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - c. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - d. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
4. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
6. Prestar a colaboración e facilitar toda documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

TERCEIRA. Obrigas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

1. A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, colaborará co Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Coruña (en diante, o Colexio), mediante a achega en favor do dito Colexio da cantidade máxima de NOVE MIL NOVECENTOS TRINTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS (9.937,54 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.481.2 (C.P. 2015 00098) dos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2019, que servirán para financiar gastos de funcionamento desta organización colexial.

Esta cantidade representa o 80,00 % do orzamento total das actuacións que se subvencionan en virtude deste convenio:

Descrición	Importe
Gastos de persoal do Cosital da Coruña no exercicio 2019 (xaneiro-setembro)	11.116,93
Gastos do local do colexio	1.305,00
TOTAL ORZAMENTO	12.421,93

- O importe detallado ten carácter estimativo, de tal xeito que se aceptarán variacións no custo da súa execución final. No entanto, no caso de que o gasto total realizado e xustificado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente das actividades subvencionadas, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo final do gasto.
- Esta achega é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Porén, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

CUARTA. Gastos subvencionables

- No marco das actividades ás que se refiren as cláusulas precedentes, consideraranse gastos subvencionables aqueles efectivamente realizados e pagados entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2019 polo Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Coruña para financiar os gastos de funcionamento referidos na cláusula terceira deste convenio, quedando o Colexio obrigado a destinar os fondos percibidos para financiar os devanditos gastos.
- Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste convenio.
- A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para a presentación da referida documentación xustificativa será o 30 de novembro de 2019.

QUINTA. Conta xustificativa

Para percibir o importe da subvención na contía que corresponda, ata o importe máximo previsto na cláusula terceira, o Colexio deberá acreditar a execución das actuacións que constitúen o obxecto deste convenio mediante a presentación da seguinte documentación na sede electrónica da Xunta de Galicia:

- Certificación asinada electronicamente pola Secretaría do Colexio, co visto e praxe da Presidencia, relativa á aprobación da conta xustificativa da subvención, na que constará a relación dos distintos conceptos e contías soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada.
A relación incluírá a identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de pagamento.
- As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na certificación á que fai referencia o punto anterior.
- Os gastos de persoal acredítanse mediante a presentación de nóminas, documentos RNT e RLC da Seguridade Social, e copia do documento Modelo 111. *Retencións e ingresos a conta*, ou do Modelo 190, presentado na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

4. Os pagamentos acredítanse mediante a presentación da seguinte documentación:

- O pagamento de nóminas mediante xustificante da transferencia bancaria á conta da persoa perceptora.
- O pagamento das cotas da seguridade social, mediante a presentación dos recibos de cargo en conta emitidos pola entidade bancaria a través da cal se realice o pagamento.
- Documentación xustificativa do ingreso na Axencia Tributaria das retencións e ingresos a conta do IRPF, nos supostos en que este sexa subvencionable, e certificación emitida pola secretaría do colexio na que conste que o importe desa retención vai incluída no/s respectivo/s modelo/s 111 ou 190 presentados como xustificación do gasto.

5. Declaración responsable asinada electronicamente polo presidente do colexio referida a:

- a. O conxunto das axudas solicitadas para o mesmo proxecto ou gasto das distintas administracións públicas ou das súas entidades vinculadas ou dependentes; a declaración irá referida tanto ás axudas aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución.
- b. Non estar o Colexio incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Para os efectos do previsto no artigo 11.e), 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia. Esta declaración será documento suficiente para acreditar que o Colexio se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro.

O prazo para a presentación da documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 30 de novembro de 2019.

SEXTA. Compatibilidade con outras subvencións

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da obra ou equipamento subvencionados.

SÉTIMA. Facultades de inspección

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias, a través dos seus servizos técnicos, co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

OITAVA. Seguimento do convenio

Para o seguimento da execución do presente convenio e para a solución das controversias que se puideran suscitar constituirase unha comisión de seguimento formada pola persoa titular da dirección xeral de Administración Local e un representante do Colexio ou persoas en quen respectivamente deleguen.

A Comisión mixta poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando así o solicite algunha das partes. As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio
- Proposta, de ser o caso, de addendas
- Coordinación das funcións de ambas as dúas partes
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio

NOVENA. Causas de resolución

1. O presente convenio extinguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
 - b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
 - c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
 - d) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
 - e) Calquera outra causa prevista nas leis

DÉCIMA. Vixencia do convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a vixencia ata o 30 de novembro de 2019.

UNDÉCIMA. Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DUODÉCIMA. Publicidade do convenio

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA. Normativa de aplicación.

En todo o non previsto neste convenio estarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

A secretaria xeral técnica da Consellería de
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Beatriz Cuiña Barja



O presidente do Colexio Territorial de
Secretarios, Interventores e Tesoureiros
de Administración Local da Coruña

José Antonio Rueda de Valenzuela

